

SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DE CAMPO LAMEIRO
DE DATA VINTETRÉS DE FEBREIRO DE 2017.

No Concello de Campo Lameiro o día vintetrés de febreiro do dous mil dezasete, ás catorce horas cinco minutos e baixo a Presidencia de D. Julio G. Sayáns Bugallo, Alcalde da Corporación, reúnen no salón de sesións da Casa Consistorial os señores concelleiros que se relacionan de seguido, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria convocada para este día.

ASISTENTES

Alcalde-Presidente

D. Julio G. Sayáns Bugallo

Concelleiros

Don Carlos Costa Domínguez

Dna. M^a José Viña Mourín

Don Alberto Maquieira Fernández

Dna. M^a de las Nieves Boullosa Ferrín

Dna. Silvia Laredo Quinteiro

Dna. Paz Vidal Fontenla

Don Adrián Vidal Fontenla

Don Juan Carlos Novegil Barros

SECRETARIO

Dna. Mercedes González Budiño

Dá fe do acto Dna. Mercedes González Budiño, Secretaria da Corporación.

Ábrese a sesión polo Presidente e foron tratados os seguintes:

1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR

Preguntados/as os/as asistentes se teñen alegacións que formular ó acta da sesión anterior, de DATA 12 DE DECEMBRO DE 2016, non formulándose ningunha, queda aprobada por unanimidade.

2.- MOCIÓN AO PLENO – ADQUISICIÓN TERREOS EN SAN MIGUEL

Por parte do Sr. Alcalde se informa das conversas mantidas coa Consellería de Servizos Sociais co obxecto de levar adiante a construción dun Centro de Estancia para persoas maiores en parcela de titularidade municipal ubicada en terreos próximos á Igrexa Parroquial de San Miguel, adquiridos no seu día con esa finalidade.

Se informa que na actualidade a Consellería non financia a construción dos centros de día.

Se informa que a construción dun Centro de Día suporía a adaptación dos condicionantes existentes para este tipo de instalación, polo que o que se propón é a construción dun Centro de Estancia, donde a Consellería si podería achegar unha financiación para os custos de mantemento, que segundo o Alcalde, podería ascender a uns 20.000 euros anuais.

Informa o Sr. Alcalde que el xa estivera comprobando o funcionamento dos Centros de Meaño e de Vilanova, causando unha grata sorpresa; e que, inclusive se contactara cos arquitectos que redactaron o proxecto do Centro de Vilanova para que fixeran unha proposta de anteprojecto do posible centro de estancia de Campo Lameiro, aportando xa unha maqueta do mesmo, cun resultado estético moi logrado, dado que non rompe para nada co entorno da Praza da Igrexa e coa propia Igrexa Parroquial, estando pendentes dos condicionamentos que poida impoñer Patrimonio á súa execución.

Ao mesmo tempo se informa polo Sr. Alcalde que a Banda de Música de Campo Lameiro ven requirindo do Concello a disposición dun local de maiores dimensións do auditorio do Centro Socio Cultural Sobrino Buhigas, dado que o escenario non permite unha situación axeitada dos membros da Banda en actuación.

Que en principio pensárase en executar unha unidade separada e colidante co centro de estancia, na mesma parcela. Pero que esta actuación sobrecargaba e afeaba esteticamente a proposta inicial. A elo habería que sumar que se precisan mais terrenos en San Miguel para poder facer a accesibilidade á parcela do Centro de Estancia, e urbanizar todo.

Que todos estes condicionamentos tentaron a pensar en comprar os terreos colindantes coa parcela municipal, que pertencen á Igrexa Católica. Neste sentido explica que xa estivo no Arcebispo de Santiago de Compostela, e que a Igrexa non se opuxo a esta pretensión, pedindo unha valoración por parte do Concello. A Igrexa indicou que pedirá unha valoración externa dos terreos cara a chegar a algún acordo.

A Parcela que se pretende ten unha extensión de 789 m². E a valoración que se efectúa por parte da asistencia técnica municipal é de 14,28 m² dado que carece de servizos de auga e saneamento, e ten unha accesibilidade dificultosa, aínda que este prezo non vai ser aceptado pola titular dos terreos, a Igrexa Católica. Que se argumentará aducindo a colaboración que este Concello sempre amosou en canto a temas de reparación de Igrexas, accesibilidade, etc, así como que os terreos vanse destinar a un fin social, sendo beneficiarios os/as veciños/as deste Concello.

Ademais se manifesta que esta zoa quedará encadrada con proxecto de Plan Xeral de ordenación Municipal deste Concello como de equipamentos.

Que xa se levara documentación a Patrimonio, quen estudará a proposta do Concello.

Unha vez exposto fai uso da palabra o voceiro do Grupo Socialista, D. Adrián Vidal Fontenla pedindo explicación ao Sr. Alcalde respecto ao uso que se lle vai dar a este novo edificio, independente do Centro de Estancia.

Responde o Sr. Alcalde que sería un centro a destinar a usos culturais e mais, xa que nel podería levarse a cabo concertos, actuacións de teatro, festa da terceira idade.... Complementando inclusive ao centro de estancia.

Responde o concelleiro D. Adrián Vidal Fontenla que sempre que se utilizara como complemento do Centro de Estancia, o seu grupo o apoiaría. Que no caso contrario, non.

Por parte da concelleira Paz Vidal Fontenla se manifesta que o Concello deberá priorizar sempre, en canto á contratación de persoal para as dependencias, que sexan veciños/as de Campo Lameiro.

Así visto, por unanimidade de todos/as os/as presentes, se acorda:

- 1.- Autorizar a compra de terreos colindantes á parcela municipal de San Miguel, propiedade da Igrexa Católica, cunha extensión de 789 m², para destinar a actividades complementarias do Centro de Estancia de Campo Lameiro, independentemente do seu

uso para actividades culturais, recreativas, e, en xeral, de uso social para os/as veciños/as de Campo Lameiro.

2.- Facultar ao Sr. Alcalde para levar a xestión de cantos trámites sexan precisos para levar a cabo este acordo.

Neste sentido, unha vez chegados a acordo coa actual titular dos terreos que se pretende, informar ao Pleno do Concello, para a adopción do acordo que proceda.

3.- Respecto á xestión do Centro de Estancia, será obxecto de debate a aprobación unha vez rematadas as obras, e previo a súa posta en funcionamento.

3.- AXUDAS NATALIDADE.

Presentase a coñecemento do Pleno cinco solicitudes de natalidade presentadas no presente ano 2017.

Cumpren as solicitudes presentadas cos requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas por natalidade, polo que, de conformidade coa citada Ordenanza Reguladora, se presta conformidade á concesión de axudas, a favor dos/as seguintes solicitantes:

** Patricia Escudeiro Fraga e Andreas Pittalis Jubino, para a súa filla Claudia Pittalis Escudeiro.

** Antonio Silva Ricoy e M. Teresa García Blanco, para a súa filla Nerea Silva García.

**Dorotea Silva Fentanes e Luis Campos Martínez, para a súa filla Elsa Campos Silva.

**Vanesa Remiseiro Ameal e José Antonio Araujo Ferreiro, para o seu fillo Daniel Araujo Remiseiro.

**Martina Ricoy Ferreiro e Andres Romero Rey, para a súa filla Carlota Romero Ricoy.

4.- INFORME ALCALDÍA

4.1 - Dáse conta da información remitida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, referida a:

** Planes Presupostarios a Medio Prazo.

**Información impositiva municipal.

** Morosidade.

**Período Medio de Pago.

**Liquidación presuposto 2016.

Queda informado e conforme o Pleno do Concello.

4.2 – Se informa que se vai contactar cos arquitectos redactores do edificio de Centro de Estancia de Campo Lameiro, empresa Arela Arquitectura S.Coop.Galega (Don Roberto Lores). para que formulen propostas sobre a urbanización da parcela total resultante, e que as propostas que formulen serán traídas novamente a Pleno para debater sobre a que mellor se considere.

Queda informado e conforme o Pleno do Concello.

4.3 – Se informa da celebración do entroido do presente ano programado para o día 11 de marzo de 2017, contando cos mesmos premios que os do ano 2016.

Ase mesmo que o martes de entroido celebrárase unha festa para os mais cativos.

Queda informado e conforme o Pleno do Concello.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulan.

E non habendo mais asunto a tratar levántase a sesión ás catorce horas trinta e cinco minutos.

A secretaria

Vº e prace

O Alcalde

Asdo.: Mercedes González Budiño

Asdo.: Julio G. Sayáns Bugallo

COMISION INFORMATIVA DE CONTAS E PATRIMONIO

No Concello de Campo Lameiro o día vintedous de febreiro do dous mil dezasete, ás catorce horas e baixo a Presidencia de D. Julio G. Sayáns Bugallo, Alcalde da Corporación, reúnen-se no salón de sesións da Casa Consistorial os señores concelleiros que se relacionan de seguido, co obxecto de celebrar sesión da Comisión Informativa de Contas e Patrimonio convocada para este día.

ASISTENTES

Alcalde-Presidente

D. Julio G. Sayáns Bugallo

Concelleiros

Dna. M^a de las Nieves Boullosa Ferrín

Dna. Silvia Laredo Quinteiro

Don Adrián Vidal Fontenla

SECRETARIO

Dna. Mercedes González Budiño

Dá fe do acto Dna. Mercedes González Budiño, Secretaria da Corporación.

Ábrese a sesión polo Presidente e foron tratados os seguintes:

ORDEN DO DÍA

1.- PROPOSTA ADQUISICIÓN TERREOS EN SAN MIGUEL

Vista a proposta presentada polo Presidente, no sentido de informar favorablemente a adquisición de terreos colindantes coa parcela de titularidade municipal de San Miguel, que se adicaría a servizos complementarios á Centro de Estancia, accesibilidade ao propio Centro de estancia e actividades culturais e sociais.

Sacado a votación o asunto, queda aprobado cos votos a favor dos/as tres membros do Grupo Popular, D. Julio G. Sayáns Bugallo, D^a M^a de las Nieves Boullosa Ferrín e Dna. Silvia Laredo Quinteiro, e coa abstención do concelleiro do Grupo Socialista D. Adrián Vidal Fontenla.

2.- INFORME Á CONTA XERAL ANO 2016.

Considerando que o obxecto da reunión da Comisión Especial de Contas é proceder ao exame da Conta Xeral do Orzamento desta Entidade, correspondente ao exercicio económico de 2016, en cumprimento do disposto no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Considerando que, formada e informada dita Conta Xeral, pola Intervención Municipal, foron comprobados os libros, documentos e xustificantes oportunos, así como toda a documentación anexa á mesma e esixida pola vixente lexislación, a Comisión Especial, por MAIORIA, cos votos favorables de D. Julio G. Sayáns Bugallo, Dona Nieves Boullosa Ferrín, Dona Silvia Laredo Quinteiro, e coa abstención de Don Adrián Vidal Fontenla.--

ACORDA

PRIMEIRO. Informar [*favorablemente*] a Conta Xeral do Municipio do exercicio 2016, que quedou cumpridamente xustificada, e que está integrada polos seguintes documentos.:

- I. BALANCE
- II. CUENTA DEL RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL
- III. ESTADO DE CAMBIOS EN EL PATRIMONIO NETO
- IV. ESTADO DE FLUJOS DE EFECTIVO
- V. ESTADO DE LIQUIDACIÓN DEL PRESUPUESTO
 1. **Liquidación del presupuesto de gastos.**
 2. **Liquidación del presupuesto de ingresos.**
 3. **Resultado Presupuestario.**
- VI. MEMORIA
 1. **Organización y actividad.**
 2. **Gestión indirecta de servicios públicos, convenios y otras formas de colaboración.**
 3. **Bases de presentación de las cuentas.**
 4. **Normas de reconocimiento y valoración.**
 5. **Inmovilizado material.**
 6. **Patrimonio público del suelo.**
 7. **Inversiones inmobiliarias.**
 8. **Inmovilizado intangible.**
 9. **Arrendamientos financieros y otras operaciones de naturaleza similar.**
 10. **Activos financieros.**
 11. **Pasivos financieros.**
 12. **Coberturas contables.**
 13. **Activos construidos o adquiridos para otras entidades y otras existencias.**
 14. **Moneda extranjera.**
 15. **Transferencias, subvenciones y otros ingresos y gastos.**
 16. **Provisiones y contingencias.**
 17. **Información sobre medio ambiente.**
 18. **Activos en estado de venta.**
 19. **Presentación por actividades de la cuenta del resultado económico patrimonial.**
 20. **Operaciones por administración de recursos por cuenta de otros entes públicos.**
 21. **Operaciones no presupuestarias de tesorería.**
 - A) Deudores
 - B) Acreedores
 - C) Partidas pendientes de aplicación. Cobros
 - D) Partidas pendientes de aplicación. Pagos
 22. **Contratación administrativa. Procedimientos de adjudicación.**
 23. **Valores recibidos en depósito.**
 24. **Información presupuestaria.**
 - A) Ejercicio corriente
 - a) Presupuesto de gastos
 - ✚ Modificaciones de crédito
 - ✚ Remanentes de crédito

